



## CONCELLO DE CHANTADA

Expediente núm.: 369/2020

**Proposta a o Pleno**

**Procedemento:** Derrogación de Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras, etc con finalidade lucrativa.

### PROPOSTA AO PLENO

Visto que como consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e as medidas de desescalada aprobadas, os establecementos hostaleiros deberon permanecer pechados e a reapertura dos mesmos estase realizando con limitacións, o que afecta considerablemente a produtividade dos establecementos de hostalería do Concello.

Vista a ordenanza fiscal da taxa por ocupación dos terreos de uso público por mesas, cadeiras e establecementos auxiliares con finalidade lucrativa, publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 15 de marzo de 1.999, cuxa modificación foi aprobada no Boletín Oficial da Provincia de data 17 de decembro de 2.004.

Vista Providencia de Alcaldía obrante no expediente pola que se solicitan os informes pertinentes á Secretaría e Intervención Municipal e que ditos informes foron emitidos e obran no expediente.

Visto o disposto nos artigos 15 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e as competencias atribuídas ao Pleno da Corporación pola lexislación vixente:

### PROPOÑO AO PLENO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a derrogación da ordenanza reguladora da taxa pola ocupación dos terreos de uso público por mesas, cadeiras e establecementos auxiliares publicada no BOP de 15 de marzo de 1.999 e todas as súas modificacións.

**SEGUNDO.** Publicar o devandito acordo no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, aplicándose a partir da data da publicación.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 4YD7WGTQZ24X23NJFGSFP3JH | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1